

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE NOVEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 23 de novembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D^a. M^a Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2, 3, 8, 9, 10a e 10b)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 4a e 10c)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 14 de novembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 17 de novembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

c) Acta da sesión do 20 de novembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:20	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44F-5CE68E-DA4D49-LRXJFZ-UF4Y6W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
3. C. D. INDEPO, S.L.*
4. CIVISGLOBAL, S.L.U.*
5. ORECO, S.A.
6. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
7. ORESA, S.L.
8. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
9. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
10. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
11. HORDESCON, S.L.
12. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
13. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
14. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
15. NAROM, S.L.

* C.D. INDEPO, S.L. e CIVISGLOBAL, S.L.U. pertencen ao mesmo grupo de empresas.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Alumnos a	Monitores a	Melloras dos requisitos mínimos	% monitores
-----------	-------	-----------	-------------	---------------------------------	-------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:20	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44F-5CE68E-DA4D49-LRXJFZ-UF4Y6W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	unitario por alumno	maiores dos contemplados	maiores dos requiridos	esixidos para o curso específico de mellora perfeccionamento lingua inglesa		que acrediten nivel inglés superior ao B2
				Horas de duración	Redución alumnos do ratio alumno/profesor	
NEW LINK EDUCATION, S.L.	2.319 euros	15	6	10	5	100%

O licitador achega o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

En cumprimento do previsto na cláusula 15.3 do prego de de cláusulas administrativas particulares (*“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula*), a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgarlle a NEW LINK EDUCATION, S.L. a máxima puntuación por cada un dos criterios segundo o previsto no apartado 9B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares de acordo co seguinte cadro:

NEW LINK EDUCATION, S.L.		
Redución do prezo de custo unitario por alumno/a		35 puntos
Aumento de alumnado beneficiario		15 puntos
Aumento de monitores/as		6 puntos
Mellora dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa	Por cada hora a maiores deste curso específico	2,5 puntos
	Por cada alumno/a que se reduza na atención da ratio alumno/profesor	2,5 puntos
Porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2		4 puntos
Total criterios avaliados a través de fórmula		65 puntos



Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador no informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 14 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, aceptado pola Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017, a puntuación total é a seguinte:

NEW LINK EDUCATION, S.L.	
Total criterios avaliados a través de xuízo de valor	34 puntos
Total criterios avaliados a través de fórmula	65 puntos
Total puntuación	99 puntos

En base ao anterior, indícase a continuación a clasificación por orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	99 puntos

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos 17 de novembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445) (informe sobre C e proposta clasificación)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 21 de novembro de 2017 D. David Ramos Arenas, actuando en representación da empresa MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS E REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA presentou declaración responsable pola que subscribe a oferta presentada por MAPFRE ESPAÑA, S.A. COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS (escrito con rexistro de entrada número 170161926), polo que se entende emendada a proposición avaliable mediante fórmula da UTE MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos 21 de novembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación. Presente na sesión o xefe da Área de Investimentos aclara que o prezo do contrato proposto polo licitador clasificado en primeiro lugar, recollido ao final do informe, se corresponde co importe anual, tal e como o propio licitador indica na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:20	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44F-5CE68E-DA4D49-LRXJFZ-UF4Y6W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposición.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos 17 de novembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos 21 de novembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	98,50
2	SOLTEC INGENIEROS, S.L.	89,48
3	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.	82,49
4	JORGE BARATA MARTÍNEZ	81,50



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.184,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	100,00
2	HELVETIA CIA	74,07
3	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	58,15

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.718,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:20	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44F-5CE68E-DA4D49-LRXJFZ-UF4Y6W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	99 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.102,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Dar conta da resolución nº 1.028/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais pola que non se admite, por extemporáneo, o recurso nº 1.019/2017 interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil contra a adjudicación do contrato dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias do Concello de Vigo (11.483-306)

Dáse conta da referida resolución, da que tomou razón a Xunta de Goberno local na sesión do 16 de novembro de 2017.

b) Escrito presentado por D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da Marea de Vigo no que solicita a exclusión do licitador clasificado en primeiro lugar, DORNIER, do procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

Entrégase aos membros da Mesa o referido escrito. A Mesa toma razón do escrito e, por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:20	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44F-5CE68E-DA4D49-LRXJFZ-UF4Y6W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unanimidade dos seus membros, acorda poñer de manifesto que as cuestións formuladas xa foron resoltas na sesión que tivo lugar o 14 de novembro de 2017 tendo en conta:

1. A contradición non estaba na oferta económica, senón no plan económico-financeiro.
2. A sentenza 52/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón que analiza a discrepancia entre unha oferta económica e un estudo económico: *“Y si se produjo algún error de cálculo o imprevisión por la adjudicataria, lo cierto es que sólo a ella podía afectarle al obligarse, a su riesgo y ventura, a llevar a cabo su oferta técnica conforme el precio de adjudicación”*
3. A irrelevancia económica desta incidencia no conxunto do contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:20	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44F-5CE68E-DA4D49-LRXJFZ-UF4Y6W-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		